

INSTRUCCIÓN PARA O ABOAMENTO DE TAXAS ABAU

Todo o alumnado que se matricule na ABAU (prazo anticipado e ordinario) poderá facer o aboamento das taxas de forma telemática (mediante tarxeta bancaria), ou de forma presencial na entidade bancaria que elixa.

O pago telemático só é posible facelo de estar **prematriculado** na ABAU xa que, de ser así, contarás cun **usuario/contrasinal** para poder acceder a NERTA e facer ese pago telemático, ou xerar un impreso de matrícula e acudir á entidade bancaria correspondente a facer un pago presencial.

Hai que ter en conta que **os pagos telemáticos a través da pasarela de NERTA confírmense no momento e actualizan o estado da matrícula. Os pagos por outro medio a través da entidade bancaria, non actualizan o estado automaticamente. Neste caso o/a alumno/a necesita entregar o xustificante de pago no centro de secundaria ou no LERD correspondente.**

Pasos para realizar o pago telemático a través da pasarela de NERTA:


1- Para poder realizar o pago a través da pasarela, o alumnado deberá acceder mediante usuario/contrasinal de NERTA aos datos da súa prematrícula ABAU e seleccionar no campo "Entidade bancaria" o valor "PAGO TELEMÁTICO". Unha vez feito isto aparecerá un botón para acceder ao pago a través da pasarela.

The screenshot shows a web form for registration. On the left, there is a section titled 'Partes' with a checkbox for 'Parte voluntaria' which is checked. Below it, under 'Parte voluntaria', there is a section for 'Materias' with four checkboxes: '20 - Matemáticas II', '21 - Bioloxía', '22 - Debuxo Técnico II', and '23 - Física'. In the center, there is a dropdown menu for 'Tipo matrícula *' with 'Ordinaria - 63,67 €' selected. To the right, there is a dropdown menu for 'Entidade bancaria *' with 'Seleccione entidade bancaria' selected. Below this dropdown, a list of 'entidade bancaria' options is shown: 'ABANCA', 'BANCO SANTANDER CENTRAL HISPANO ES67-0049-2584-97-1610928810', and 'PAGO TELEMÁTICO'. The 'PAGO TELEMÁTICO' option is circled in red. There is also a checkbox for 'Solicita recibir os resultados da proba no enderezo electrónico' which is checked.

2- Prememos no botón "Pagar matrícula" que nos levará á pantalla de pago da pasarela onde completaremos os datos da tarxeta bancaria coa que se fará o pago.



The screenshot shows a payment screen with a navigation bar at the top with 'Matrícula' and 'Cualificacións'. Below the navigation bar, there are several input fields: 'Estado matrícula' with 'Solicitante', 'Número inscrición' with '000', 'Tipo matrícula *' with 'Ordinaria - 63,67 €', 'Entidade bancaria *' with 'PAGO TELEMÁTICO', and 'Taxas *' with 'Non aboadas'. A button labeled 'Pagar Matrícula' is circled in red. Below these fields, there is a section for 'Parte voluntaria' with a sub-section for 'Materias' containing '21 - Bioloxía'.


3- Cubrimos os datos bancarios para o pago.


//ABANCA  **Confirmación do pagamento**

Forma de pagamento

Tarxeta de crédito

Tarxeteiro EURO 6000 



Detalles do pagamento

Número de operación: Importe: **63.67 €**

Tarxeta: Data caducidade (MM / AAAA):


Código seguridade:  [¿Que é?](#)

CANCELAR
Voltar ao comercio



PAGAR

4- Prememos en “Pagar”

5- Se o pago foi correcto sairá unha pantalla de “Operación autorizada” que se poderá imprimir ou gardar como xustificante do aboamento.

//ABANCA  **Operación AUTORIZADA**



Número de operación: Importe: **63.67 €**

 **Pagamento con tarxeta** 

Datos que identifican á operación:

Número de operación: Importe: Data / Hora:

Autorización: Referencia:

ACEPTAR

6- Prememos en “Aceptar”, volveremos á pantalla de NERTA e o estado das taxas pasará a aboado.